

COMISIÓN INFORMATIVA DE RETO DEMOGRÁFICO, IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **22 de xullo de 2021**

Ás 17.05 horas do día 22 de xullo de 2021, reúnese a Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego, no salón de Plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D. Rosendo Luís Fernández Fernández

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Consuelo Vispo Seara

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. César Manuel Fernández Gil

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Margarita Pérez Fernández

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Deputado non adscrito: D. José Miguel Caride Domínguez

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asistentes dona Luz Doporto Real e don Álvaro José Fernández López, do Grupo Popular (substituídos respectivamente por don Rosendo Luís Fernández Fernández e dona Ana María Villarino Pardo)

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 17 DE XUÑO DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de xuño de 2021.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego do día 17 de xuño de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A EQUIPARACIÓN REAL E EFECTIVA DAS PERSOAS MENORES EN ACOLLEMENTO FAMILIAR.-

D. Alvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, expón o contido da moción.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, indica que en principio comparte a gran maioría da moción, se ben entende que incluso podería mellorarse. Anuncia a reserva de voto.

D. José Miguel Caride Domínguez, deputado non adscrito, móstrase a favor da moción do Grupo Socialista, destacando a importancia do acollemento familiar que sempre mellora a tutela administrativa. Engade que todas estas medidas deben buscar a igualdade do menor acollido co resto da unidade familiar, evitando discriminación. Anuncia o voto favorable á moción.

D. Bernardo Varela López, do BNG, indica que, en principio, tamén apoiará a moción, se ben o punto quinto da proposta de acordo lle xera algunha dúbidas, xa que entende que ese rexistro que se propón para que cree a Deputación é competencia da Xunta de Galicia, xa que precisamente a partir deste rexistro se realizan as entregas en acollida.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e do deputado non adscrito, e a abstención do Grupo Popular (5), do BNG (1), de DO (1) e da deputada non adscrita a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Que a Deputación Provincial de Ourense ordene e actualice a súa normativa para establecer expresamente a equiparación de feito, na medida do posible, para os efectos administrativos, aos menores en acollemento en calquera das súas modalidades –temporal, permanente, preadopción ou de urxencia-, á condición de fillo ou filla, durante o tempo que se

atopen baixo acollemento familiar, configurando medidas que apoien positivamente a estas familiar e menores.

2º.- Que a Deputación Provincial de Ourense incorpore o ítem “familia acolledora” ou “crianza acollida” nos impresos e modelos das súas áreas de xestión, configurando medidas que apoien positivamente a estas familias e menores.

3º.- Que a Deputación Provincial de Ourense considere ás familias acolledoras de especial protección, aplicando medidas de discriminación positiva que faciliten a vida comunitaria a nivel local das persoas que acollen e das acollidas.

4º.- Que a Deputación Provincial de Ourense valore a posibilidade de ofrecer formación básica ou avanzada ao seu persoal, en materia de medidas de protección de menores, especialmente sobre acollemento familiar.

5º.- Que a Deputación Provincial de Ourense elabore un rexistro provincial de familias acolledoras de carácter voluntario.

6º.- Que a Deputación Provincial de Ourense aprobe axudas para familias acolledoras.

7º.- Que a Deputación Provincial de Ourense poña en práctica medidas para divulgar e sensibilizar sobre o acollemento familiar e da necesidade de ter familias acolledoras.

8º.- Instar á Xunta de Galicia a dotar unha partida orzamentaria para as familias acolledoras ou para o acollemento familiar.

9º.- Instar á Xunta de Galicia a potenciar o criterio de acollemento familiar permanente.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. José Miguel Caride Domínguez, deputado non adscrito, expón que sestas datas Arián González Pérez, ao que se considera un ourensán máis, aínda que de nacionalidade cubana, compañeiro no Colexio de Avogados de Ourense, viaxou estes días ao seu país natal para intentar traer á súa familia e foi detido por participar nunha manifestación. Actualmente atópase encarcerado e en folga de fame, sinalando que se trata dunha situación complicada, xa

que é cidadán cubano. En ningún caso se trata de interferir na soberanía deste país, pero considera que sería interesante que as institucións da cidade mostrasen o seu interese pola situación desta persoa.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, reitera as preguntas formuladas na comisión informativa anterior, relativas ao Plan de Igualdade e que non foron contestadas.

O **presidente da comisión** contesta que debido a unha baixa por enfermidade na Sección de Transparencia que se encarga de remitir as contestacións, seguramente non foron enviadas, comprometéndose a que sexan contestadas na próxima semana.

E, ás 17.25 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.